

Tenera Gallega



A carne con carne

Revista do Consello Regulador • Número 37 • Xullo 2012

Novo Consello Regulador da IXP Tenera Gallega

Entrevistas

María Montserrat

Esperanza Gudín

Gandaría en Sanguineira

Alberto Vázquez Pérez

Gandaría en Mamoelas

Informe

**A facilidade do parto
na Raza Rubia Galega**





más que tu super
mercado





Ternera Gallega

Revista do Consello Regulador • Número 37 • Xullo 2012

Sumario

Edita

Consello Regulador da
IXP Ternera Gallega

Coordina

Karen Wernink

Redacción

Montse Calvo
Laura Enríquez

Administración

Recinto feiral, Amio, s/n
Apdo. de Correos 2.014
15891 Santiago de Compostela
(A Coruña)

Impresión

Gráficas Garabal, S.L.

Tirada

8.000 exemplares

Consello Regulador da IXP Ternera Gallega

Recinto feiral, Amio, s/n
Apdo. de Correos 2.014
15891 Santiago de Compostela
A Coruña (España)

Tels.

981 57 57 86
981 57 48 99

Fax

981 57 48 95

Correo electrónico

consejo@terneragallega.com

web

<http://www.terneragallega.com>

© Consello Regulador da
IXP Ternera Gallega

D.L.: C/692/2003



Editorial

5

Novo Consello Regulador da IXP Ternera Gallega

6

Colaboración técnica

O seguro de gando vacún de
reprodutores e recría: unha
ferramenta necesaria para o
gandeiro

8

Informe

A facilidade do parto na raza
Rubia Galega

11

Actualidade

16

Información sectorial

Planificación de partos,
posible e necesaria

19

Entrevistas

María Montserrat Esperanza Gudín
San Sadurniño (A Coruña)

Alberto Vázquez Pérez
Palas de Rei (Lugo)

20

A Páxina de Xovenco

22

Ponemos el punto sobre la i



y nuestra etiqueta adhesiva sobre su producto.



CORETi
Etiquetaje Industrial

Coreti... y punto.



galicia
calidade





TERNERA GALLEGA, UNHA REALIDADE CON FUTURO

Despois de rematar o proceso electoral na IXP e coa constitución do Consello Regulador, comeza unha nova etapa na que Ternera Gallega ten que seguir reforzando a súa imaxe e prestixio para poder continuar crescendo e afianzarse no mercado, tendo como referencia a calidade da carne de vacún que se produce en Galicia, o seu control exhaustivo e o esforzo na súa promoción.

Desde as anteriores eleccións ata agora, o Consello Regulador estivo inmerso en múltiples iniciativas e proxectos fundamentais para mellorar o seu funcionamento. Foi necesario adaptarse á Lei 2/2005, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, e ao Decreto 4/2007, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade e os seus consellos reguladores. Así mesmo, de acordo cos condicionantes actuais, modificouse o Regulamento da IXP, elaborouse e implantouse o Manual de Calidade de Ternera Gallega, e obtívose a acreditación de ENAC como organismo certificador segundo a Norma Europea EN-45011.

Este esforzo na adaptación normativa estivo acompañado do labor divulgativo e promocional para seguir contando co apoio e a confianza dos consumidores e da sociedade en xeral, e así estar presente en máis de 1.240 establecementos espallados por toda España, aproveitando aquelas alternativas e oportunidades de mercado interesantes para mellorar a saída dos xatos e a súa comercialización ao longo do ano a prezos razoables para favorecer a competitividade e a continuidade das explotacións inscritas na Denominación.

As cifras parecen darnos a razón, xa que o ano 2011 foi un ano histórico para a IXP, con crecementos por riba do 7%. Acadáronse as 7.508 explotacións inscritas, 77 industrias, 114.091 xatos, 79.875 canais, 17.013 toneladas de carne, cun valor de 91,2 millóns de euros, consolidándose como a Denominación máis representativa do sector de vacún de carne en España.

Son cifras e datos que confirman aqueles titulares e declaracións dos anos 2006 e 2007, cando manifestabamos que Ternera Gallega significa unha oportunidade real de crecemento para o sector cárnico galego, ou que Galicia pode liderar a produción de carne de vacún de calidade en España e ser a referencia para o sector.

Aínda así non podemos deixarnos levar pola euforia das cifras, senón que o novo Consello Regulador ten por diante unha etapa apaixonante, na que debe seguir apostando pola garantía e a diferenciación da nosa carne no mercado, potenciando a súa calidade, tanto no correcto manexo dos xatos en canto ao seu amantamento e finalización, como na maduración da carne antes da súa comercialización.

Así mesmo, é necesario conseguir unha produción máis regular e uniforme ao longo do ano, apostando pola planificación dos partos e a regularización produtivas, que nos permita abrir novos mercados e ter capacidade para garantirlle á distribución un abastecemento suficiente todo o ano. Esta planificación produtiva favorecería a sinatura de novos convenios comerciais e a saída dos tenreiros con mellores pre-

zos en orixe, sen as fluctuacións que teñen lugar agora entre os meses de verán e inverno.

No tocante á comercialización, Ternera Gallega e as industrias inscritas temos que dar un paso adiante e pensar seriamente na exportación, na internacionalización da nosa carne, cando menos nos países da Unión Europea que están no noso contorno, porque seguro que hai oportunidades de mercado para aproveitar en beneficio dos inscritos na IXP.

Tamén é necesario buscar mecanismos que fomenten uns prezos estables e competitivos no sector para garantir a continuidade das explotacións e o mantemento da poboación no rural, apostando pola transparencia comercial e os contratos de compravenda entre a produción e a industria. Aínda así, hai que ter en conta que a rendibilidade nas explotacións non só pasa por un bo prezo de venda, senón ademais por un aforro nos custos de produción e polo mantemento das liñas de apoio da PAC.

Finalmente, nestes próximos anos a IXP ten que afondar na racionalización dos gastos, para facer fronte á crise económica e á diminución das axudas públicas. Polo tanto, temos que ser máis eficientes no control e actuar coa máxima eficacia na promoción, optimizando a xestión dos recursos económicos.

En resumo, neste marco competitivo e complexo que nos toca vivir, Ternera Gallega ten por diante un labor fundamental para lograr o desenvolvemento e o afianzamento da produción de carne de vacún de calidade en Galicia.

CONSTITUIUSE O NOVO CONSELLO REGULADOR DA IXP TERNERA GALLEGA

O Diario Oficial de Galicia publicaba o pasado 6 de xullo a orde da Consellería do Medio Rural e do Mar “pola que se nomean os presidentes e vicepresidentes dos consellos reguladores das denominacións de orixe Monterrei, Rías Baixas, Ribeira Sacra, Ribeiro, Valdeorras e Pemento de Herbón e das indicacións xeográficas protexidas Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia, Pataca de Galicia, Mel de Galicia, Pan de Cea, Faba de Lourenzán, Castaña de Galicia, Grelos de Galicia, Tarta de Santiago, Pemento do Couto e Ternera Gallega, ademais do consello regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia”, dando así por finalizado o proceso electoral para escoller democraticamente os membros do pleno dos Consellos Reguladores das citadas denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas galegas.



O Pleno do Consello Regulador da Indicación Xeográfica Protexida Ternera Gallega constitúe o órgano superior de goberno da Denominación. Unha vez concluído o proceso electoral quedou composto por sete vogais representantes do sector produtor (4 por ganderías e 3 por cebadoiros) e sete vogais que actúan en representación do sector industrial (4 por matadoiros, 2 por salas de despezamento e 1 por maioristas e retalistas de carnes). O pleno, que se escolle por un período de catro anos,

actuará baixo a dirección de Jesús González Vázquez, que foi reelixido de novo presidente da Denominación. A IXP contará tamén con dous vicepresidentes, un do sector produtor, Antonio Álvarez Fernández, e outro do sector industrial, Jesús Manuel Conchado Pereiro, así como con dous representantes da Administración.

Unha vez elixido e constituído o pleno, este asumirá a responsabilidade de defender os intereses dos gandeiros e das industriais cárnicas inscritas en Ternera Gallega. Ademais, responsa-

bilizarase de aplicar o cumprimento do Regulamento, do control e da certificación da carne amparada pola Denominación e dos programas dirixidos a informar aos consumidores, así como as accións de carácter promocional que emprenda a Denominación.

A representación no Pleno do Consello Regulador dos distintos subsectores (ganderías, cebadoiros, matadoiros, salas de despezamentos e maioristas e retalistas de carnes) favorece un funcionamento democrático, aberto e plural da IXP.

COMPOSICIÓN ACTUAL DO NOVO CONSELLO REGULADOR DA IXP TERNERA GALLEGA



Jesús González Vázquez
Presidente do Consello Regulador da IXP Ternera Gallega



Antonio Álvarez Fernández
Vicepresidente. Sector produtor En representación de Reisanto, S.C.



Jesús Manuel Conchado Pereiro
Vicepresidente. Sector industrial En representación de Industrias Cárnicas J. Taboada, S.A.



Adolfo Cabarcos Saavedra
Vogal. Gandarías En representación de Refol, S.C.



Manuel Fernández Gallego
Vogal. Gandarías



José Ramón González Rodríguez
Vogal. Gandarías En representación de Hermanos González Rodríguez, S.C.



Rafael Tejeda Vázquez
Vogal. Cebadoiros En representación de Las Traviesas, S.L.



Jaime Llena Balañac
Vogal. Cebadoiros En representación de Cooperativa Agrogandeira de Sarreaus, S.C.G.



Camilo Fraga Fariña
Vogal. Cebadoiros En representación de Finca Idreira, S.L.



Aurelio López Lois
Vogal. Matadoiros En representación de Novafrigsa, S.A.



María Teresa Lamela Ben
Vogal. Matadoiros En representación de Frilea, S.L.



Pascual Fernández Vizoso
Vogal. Matadoiros En representación de Carnes Viana, S.L.



Luis Jaime Gómez Moreira
Vogal. Salas de Despezaemento En representación de Carcosa La Coruña, S.A.



Melecio Bahillo Herrera
Vogal. Salas de Despezaemento En representación de Suministros Medina, S.L.



Jorge Eiroa López
Vogal. Maioristas e Retallistas En representación de Vego Supermercados, S.A.U.



Waldo Carreiras Albo
Vogal. Administración En representación da Consellería do Medio Rural e do Mar

O SEGURO DE GANDO VACÚN DE REPRODUTORES E RECRÍA: UNHA FERRAMENTA NECESARIA PARA O GANDEIRO



A Comunidade Autónoma de Galicia sempre destacou por ser unha das comunidades que máis contrata os Seguros de Explotación de Gando Vacún. Durante o exercicio 2011 non foi diferente e contratáronse 4.012 pólizas que aseguraban a 251.280 animais. Tamén as comunidades de Castela e León ou Asturias contrataron tradicionalmente estes seguros. No 2011 deron cobertura a 200.266 e 128.590 animais respectivamente.

Entre as tres comunidades suman máis do 51% do total de animais

asegurados en todo o país a través das liñas de Seguros de Gando Vacún Reprodutor e Recría.

A sinistralidade rexistrada neste sector na comunidade galega ascende a 9,3 millóns de euros correspondentes a máis de 21.900 sinistros declarados. As provincias que maior sinistralidade rexistraron foron Lugo e A Coruña con máis de 5 e 3 millóns de euros respectivamente, así como máis de 11.700 e 7.225 sinistros.

Entre as principais causas de sinistro destacan os accidentes,

complicacións no parto, morte das crías e mamite.

Os datos anteriores mostran a enorme importancia deste Seguro para o sector; para o que, ano tras ano, se sitúa como un instrumento válido para garantir as perdas dos animais nas explotacións.

O Seguro de Gando de Reprodutores e Recría de leite e carne permite ao gandeiro escoller a opción e as garantías adicionais que mellor se adapten ás necesidades e ao risco da súa explotación:

GARANTÍAS BÁSICAS:

Cobre a **morte e o sacrificio necesario** por:

- Opción A:** Accidentes, Febre Aftosa e E.E.B
- Opción B:** OPCIÓN A + complicacións no parto e morte da cría no mesmo ou nas 24 horas seguintes.
- Opción C:** OPCIÓN A + B + sacrificio económico por incontinencia de secreción láctea por un accidente traumático e morte ou sacrificio económico por Mamite.

GARANTIAS ADICIONAIS

- | | |
|-------------------------------|---|
| - Enfermidades | - Síndrome Respiratorio Bovino (S.R.B.) |
| - Saneamento gandeiro | - Meteorismo |
| - Pastos estivais e invernais | - Carbunco |

Ademais, as Administracións Públicas son un alicerce moi importante para a efectividade do seguro. Así o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente concede unha subvención que podería acadar o 49% do custo do seguro, ao que se engade o que concede a Xunta de Galicia, até un 18% do que outorga o Ministerio.

Novidades

O Seguro Agrario en xeral, e esta Liña en particular, está suxeito a un dinamismo constante que obriga a revisar as condicións de garantías e coberturas para adaptalas á realidade do sector produtor.

Ano tras ano o seguro introduce importantes novidades que resultan atractivas para o gandeiro. Afectan fundamentalmente ás ga-



rantías de saneamento normal ou extra e pastos estivais e invernais.

- Así por exemplo, agora os requisitos de cualificacións sanitarias para acceder a estas garantías baséanse exclusiva-

mente na cualificación sanitaria que outorga a Administración correspondente.

- En relación coa garantía de pastos estivais e invernais, agora os gandeiros poden contratar ambas as coberturas para a mesma explotación permitíndolle ampliar o período no que os animais deben permanecer inmovilizados sen poder acceder aos pastos, en caso de saneamento.

Ademais, é interesante destacar que a cobertura de Encefalopatía Esponxiforme Bovina pasou a considerarse como garantía básica, eliminándose o seu carácter de garantía adicional ou liña de seguro independente.



SEGURO
20
12

Seguros de Explotación Gando Vacún

Trátase dun seguro flexible co que o gandeiro decide a opción e as garantías adicionais que mellor se adaptan ás necesidades da súa explotación.

Opción A:

Morte ou sacrificio obrigatorio por accidentes, Febre Aftosa e Encefalopatía Esponxiforme Bovina (E.E.B.).

Para Febre Aftosa compensa a inmovilización dos animais.

Opción B:

OPCIÓN A + complicacións no parto, así como a morte da cría no mesmo ou nas 24 horas seguintes ao seu sacrificio necesario.

Opción C:

OPCIÓN A+ B + sacrificio económico por incontinencia de secreción leiteira por un accidente traumático e morte ou sacrificio económico por Mamite.

Garantías Adicionais

- Saneamento gandeiro
- Pastos estivais e invernales
- Síndrome respiratorio bovino en recría (S.R.B.)
- Meteorismo
- Carbunco
- Enfermedades

Subvención

O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente concede unha subvención que pode chegar ata:

49% do custo neto

+

A comunidade autónoma de Galicia concede ata un **18%** do que dá o Ministerio

agroseguro



Pase o que pase, ti seguro

PARA SUSCRIBIR O TEU SEGURO DIRIXETE A:

MAPFRE SEGUROS DE EMPRESAS • SEGUROS GENERALES RURAL • CAJA DE SEGUROS REUNIDOS (CASER) • AGROMUTUA-MAVDA, SDAD. MUTUA DE SEG. • MUTUAL, MUTUA RURAL DE SEGUROS • SEGUROS GROUPAMA • ALLIANZ, COMPAÑÍA DE SEGUROS • UNIÓN DEL DUERO, CÍA. DE SEGUROS • MUTUALIDAD ARROCERA DE SEGUROS • CAIXA PENEDÉS ASSEGUANCES GENERALS • HELVETIA CÍA. SUIZA S.A. DE SEGUROS • BBVASEGUROS, S.A., DE SEGUROS • AXA SEGUROS GENERALES • ASEFA, S.A. SEGUROS • GENERALI DE ESPAÑA, S.A. SEGUROS • SEGUROS CATALANA OCCIDENTE • FIATC, MUTUA DE SEGUROS Y REASEGUROS • MUTUA GENERAL DE SEGUROS-EUROMUTUA • CAHISPA, S.A. DE SEGUROS GENERALES • GES, SEGUROS Y REASEGUROS, S.A. • METRÓPOLIS, S.A. CÍA. NACIONAL DE SEG. • MUSSAP, MUTUA DE SEGUROS • MUTUA DE RIESGO MARÍTIMO • OCASO, S.A. DE SEGUROS • REALE SEGUROS GENERALES • SANTA LUCÍA, S.A. CÍA. DE SEGUROS • SANTANDER SEGUROS Y REASEGUROS • CONSORCIO DE COMPENSACIÓN DE SEGUROS

A FACILIDADE DO PARTO NA RAZA RUBIA GALEGA



A raza Rubia Galega caracterízase por un formato equilibrado, lonxevidade, gran rusticidade e facilidade de adaptación a medios adversos, así como polas súas calidades maternas, rendementos produtivos e excelentes características de calidade da canle e da carne.

Este gando tivo un indubidable protagonismo social e económico na poboación rural galega, utilizándose ata hai relativamente pouco como un elemento imprescindible na labranza das terras e, por tanto, no desenvolvemento agrícola da rexión.

A través da súa historia, a raza Rubia Galega evolucionou a un morfortipo medio e equilibrado, de máis harmo-

nía e ampulosidade, coa mesma alzada e lonxitude corporal, pero con maior anchura de peito e capacidade torácica, o que vén coincidir co tipo europeo máis idóneo de bovino de produción de carne.

Aínda que o sistema de explotación segue sendo familiar e baseado no pastoreo, é de destacar a evolución da densidade de animais nas explotacións, que actualmente se atopa en case 24 cabezas por gandaría, (a 31 de decembro de 2011), cando hai 10 anos apenas superaba os 10 animais/explotación.

O programa de mellora levado a cabo desde a Asociación logrou evolucionar a raza até obter unhas melloras

relevantes das súas características reprodutivas e produtivas, como a precocidade sexual, sendo a día de hoxe a raza cárnica con maior precocidade, situándose a idade media do primeiro parto arredor dos 28 meses.

Pero nesta liña, sobre todo hai que destacar a mellora obtida nos últimos anos en canto á facilidade de parto, que é un aspecto esencial na selección xenética de calquera raza, e aínda máis se cabe nunha raza de aptitude cárnica como esta.

Neste sentido, segundo os datos rexistrados pola Asociación Nacional de Criadores de Gando Vacún Selecto de Raza Rubia Galega, Acruga, nos últimos anos comprobouse que o 95%

das femias de raza rubia galega paren sen problemas, e mesmo, a maioría delas fano soas no campo sen ningún tipo de supervisión nin axuda.


Nestes datos non se atopan diferencias entre os partos procedentes de toros de inseminación artificial e os dos toros de monta natural (95 e 96 % respectivamente), aínda que a porcentaxe de inseminación é o dobre da de monta (67 e 33 % respectivamente).

Actualmente, o caso de vacas de rubia galega que requiren intervencións cirúrxicas no parto non chega ao 2

por cento (1,2 % dos 18.133 partos do ano 2011), a diferenza do que ocorría a finais do século pasado e principios deste, cando a facilidade de parto non chegaba ao 80% e as intervencións nos partos eran habituais. Todo iso vén demostrar a importante mellora na facilidade de parto experimentada por esta raza, froito dunha coidada selección dos touros sementais; dun criterio de selección no programa de mellora da raza, enfocado a unha diminución no peso ao nacemento; e dun control do denominado xen da

miostatina, tamén chamado xen do carácter culón.

Un dos principais factores que permitiu esta evolución favorable é a selección cara a un peso ao nacemento cada vez menor. De feito, nos últimos dez anos conseguíuse reducir en case 5 quilogramos o peso ao nacemento dos tenreiros, que actualmente se sitúa en ao redor dos 42 quilogramos de media. Esta evolución na diminución do peso ao nacemento é proporcional ao incremento na facilidade de parto, tal e como se mostra no gráfico.



Fonte: Moreno, 2009: A raza bovina rubia galega no século XXI. Feagas nº 35, 74-79

Nesta evolución favorable tamén hai que destacar o control que se realiza sobre o xen da miostatina ou xen da hipertrofia muscular bovina que é o responsable do fenotipo culón na raza rubia galega.

O devandito xen caracterízase polo elevado desenvolvemento do tecido muscular, o que favorece unha maior produción de carne. Con todo, aínda que este é o trazo máis destacable, debe considerarse que tamén implica unha serie de características pouco desexables como ventre recollido, coa consecuente diminución do peso das vísceras; gran finura ósea, defectos nos apromos, pel extremadamente fina e lustrosa, cola xeralmente curta e de inserción dianteira, macroglosia (lingua dun tamaño maior ao normal nos tenreiros recentemente nados que provoca dificultade para mamar, asfixia, diarreas e erosións bucais), escaso desenvolvemento dos xe-

nitais externos e ubres nas femias, maiores intervalos e dificultades de parto, maior mortalidade perinatal, deficientes aptitudes maternas, descenso da produción leiteira, etcétera.

Os efectos desexables do xen, como o aumento da produción cárnica, ocasionaron que hai 2-3 décadas, nunha época na que se viviu unha conxuntura económica distinta á





actual, xurdise un interese pola procura e selección de animais culóns por motivos económicos, xa que daban maior rendemento cárnico e o prezo da carne era maior que agora. Pero este feito implicaba unha alta porcentaxe de partos distócicos ou problemáticos, cun elevado número de cesáreas e, por tanto, cun menor rendemento reprodutivo da vaca ao longo da súa vida produtiva.

Actualmente, a situación económica do prezo da carne cambiou e está demostrado que é máis rendible que as femias teñan máis partos, aínda que sexan de tenreiros máis pequenos ao nacemento, sempre que non fagan falta intervencións cirúrxicas.

No entanto, é interesante recoñecer os efectos desexables que outorga a presenza deste xen, como os xa mencionados do maior desenvolvemento muscular e, por tanto maior produción de carne, polo que actualmente non se busca eliminar totalmente a presenza deste xen, senón telo controlado, para manter o desenvolvemento de masa muscular e por tanto a produción cárnica, pero evitando que os animais sexan culóns.

Outro feito fundamental a ter en conta na facilidade de parto das vacas é o seu manexo.

É moi importante seleccionar o semental adecuado para cada vaca, tanto en tamaño, como en xenética.

É un erro frecuente pensar que calquera touro vale para calquera vaca. Hai que ter en conta a liña xenética tanto da vaca como do touro (evitar a consanguinidade), así como as características morfolóxicas do touro que mellor se adapta á vaca.

Tamén é moi importante ter en conta que a vaca ten que estar nun adecuado estado de carnes. Unha vaca excesivamente gorda pode ter depósitos de graxa na área pélvica que poden interferir na canle do parto, con alta probabilidade de presentar dificultades para parir e necesidade de intervención.

En condicións normais, na medida do posible, hai que procurar deixar a

vaca tranquila nos momentos previos ao parto e facer as menores intervencións posibles.

Unha vaca próxima ao parto nun sistema de produción natural (explotacións extensivas), abandona o rabaño antes de parir (fóra da primípara que parirá ao tenreiro no medio do rabaño), móstrase aprensiva, mirando ansiosamente ao seu redor, deambulando e, mesmo, pode reunir restos de yacija coas patas (preparación do nino). Está intranquila, comeza a botarse e erguerse e cambia continuamente de posición.

Comezan os espasmos, cada vez máis frecuentes e definidos (duns 20 segundos cada cuarto de hora) ata que





os esforzos expulsivos dan lugar á rotura do alantocorión (líquido de cor palla, similar aos ouriños).

A duración desta fase oscila entre 3 horas e 2 días, sendo a súa duración media máis común dunhas 4 horas (Fraser, 1982).

Cando as contraccións se producen cada 3 minutos empeza a saír algunha rexión do feto (xeralmente, as patas dianteiras). A saída do feto pode darse coa vaca de pé ou tumbada e ten unha duración de aproximadamente unha hora, xeralmente de noite. Pero hai que ter en conta que no caso de xovencas, o parto é máis lento, debéndose agardar unhas dúas horas.

Unha vez nacido o tenreiro, a vaca descansa un momento antes de empezar a lamer á cría intensamente e a placenta.

Por suposto, é adecuado estar pendentes por se se presentasen problemas, pero é aconsellable intervir unicamente cando hai evidencias de que hai problemas, pois moitas veces a impaciencia do gandeiro ocasiona unha intervención non necesaria.

De feito, un dos erros máis frecuentes na atención do parto, é a intervención prematura. O recomendable é non intervir até unha hora e media despois de comezar o parto e en calquera caso, por ningún motivo se debe intervir antes da ruptura do saco amniótico. Se este rompe antes de tempo, detense a dilatación do colo do útero, impedindo a normal saída do tenreiro e obrigando á tracción deste. Traccións excesivas poden traer con-

secuencias negativas sobre a vaca e o tenreiro, e mesmo poden chegar a provocar a morte da vaca.

Unha vaca que foi axudada nun parto, sobre todo no primeiro parto, é fácil que requira axuda en partos sucesivos.

Non entanto, a porcentaxe de vacas da raza Rubia Galega que paren sen ningún tipo de axuda na actualidade é moi elevado, atopándose a raza actualmente entre as mellores paridoras no que se refire ás razas cárnicas.



FROIZ



Siempre a su servicio

calidad



*a los mejores
precios*

800
anive
RSARIO
CATEDRAL de
SANTIAGO

TERNERA GALLEGA, DEMOSTRACIÓN NA FEIRA INTERNACIONAL SEMANA VERDE DE GALICIA 2012

A Indicación Xeográfica Protexida Ternera Gallega estivo presente na Feira Internacional Semana Verde de Galicia, o pasado mes de xuño en Silleda, Pontevedra, formando parte do programa oficial de actividades da Consellería do Medio Rural e do Mar, cunha participación activa na Aula de Catas habilitada para a ocasión. O director de Promoción da IXP, Luis Vázquez, foi o encargado de dirixir a presentación-degustación de Ternera Gallega compartindo espazo coa Denominación de Orixe Protexida Pemento de Herbón e coa Denominación de Orixe Ribeira Sacra, nunha experiencia bautizada co suxestivo nome



de “Unha viaxe polos cinco sentidos”. Aspectos técnicos, culinarios e sensoriais compuxeron esta demostra-

ción seguida por máis dunha trintena de persoas que apreciaron as cualidades da carne certificada.

CONSUM VISITA TERNERA GALLEGA

Os pasados 14 e 15 de xuño, o Presidente da IXP Ternera Gallega, Jesús González Vázquez, xunto con varios técnicos do Consello Regulador, recibiron a un grupo de directivos e responsables de calidade da sección de carnes da cooperativa Consum para presentar-lles as características e o funcionamento da Denominación a pé de campo.

Tratábase de coñecer de primeira man o proceso completo da cadea de valor da IXP cunha serie de visitas guiadas que comezaron nunha explotación de Ternera Gallega, situada en Arzúa, na que tiveron oportunidade de achegarse aos sistemas de manexo e coidado do gando así como ao proceso de control da explotación por parte dos veedores da IXP.

A visita continuou en dúas industrias cárnicas inscritas en Ternera Gallega, onde o staff de Consum puido comprobar cómo se faenan e certifican as reses de Ternera Gallega nas súas dúas categorías: Ternera Gallega e Ternera Gallega Suprema. Tamén coñeceron os procesos e instalacións das salas de despezamento, de fileteado e de sacrificio.

O centro de reprodución Xenética Fontao foi outro dos destinos da via-

xe, onde lles informaron da aplicación por parte da IXP das probas de ADN para o seguimento e o control da súa carne nos puntos de venda.

A visita concluíu no Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM), onde a especialista Laura González lles falou das novas liñas de estudo sobre a calidade da carne de vacún e os últimos avances científicos neste campo.

Esta visita de varios responsables de Consum demostra a boa sintonía coa IXP Ternera Gallega, relación que comezara no ano 2006 coa sinatura dun convenio de colaboración entre ambas entidades, mediante a cal a compañía de distribución se compromete a comercializar carne de Ternera Gallega en todos os seus establecementos, garantindo así a presenza da carne de calidade da IXP en boa parte do arco mediterráneo.



TERNERA GALLEGA EN ALIMENTARIA 2012

O programa da IXP neste Salón Internacional incluíu a realización de accións promocionais e informativas para dar a coñecer o seu produto, entre as que destacou a celebración dun encontro comercial cos profesionais do sector cárnico.

No marco da XIX edición do Salón Internacional de Alimentación e Bebidas Alimentaria 2012, que se celebrou os pasados 26 ao 29 de marzo en Barcelona, Ternera Gallega desenvolveu

unha serie de accións informativas e promocionais para dar a coñecer a carne amparada pola Denominación.

A IXP asistiu a esta cita formando parte do stand institucional da Xunta de Galicia, situado no sector de Inter-carn do recinto feiral, acompañada de tres das principais industrias cárnicas galegas inscritas na Denominación: Artesanos Gallegos de la Carne, Carcosa e Novafriga.

Dentro das actividades programadas pola IXP destacou a reunión cos profesionais da carne no propio stand da Xunta de Galicia. Durante a xuntanza, na que participaron carniceros tradicionais de Barcelona cos que hai subscrito un convenio de colaboración e representantes das empresas inscritas na feira, fíxose unha presentación das novidades da IXP e intercambiáronse puntos de vista sobre aspectos promocionais e comerciais.

Ademais dentro do recinto feiral, un dos restaurantes máis recoñecidos e prestixiados de Barcelona, o Rías de Galicia, ofreceu en exclusividade, dentro da súa carta, a carne de Ternera Gallega para o deleite e degustación dos visitantes.

Ternera Gallega leva participando en todas as edicións desta feira de alimentación desde o ano 1992. Nesta última edición destacou a atención de múltiples preguntas sobre as cualidades da nosa carne e as súas posibilidades de mercado, así como o interese sobre a súa comercialización a nivel internacional, principalmente en países da Unión Europea.



“TAPÉAME”, A TAPEAR CON TERNERA GALLEGA

A intensa actividade da IXP en facebook motivou a creación do concurso “Tapéame, a tapear con Ternera Ga-

llega”. Unha iniciativa que quixo premiar as mellores receitas elaboradas polos máis de 5.500 seguidores da De-

nominação nesta rede social de ampla cobertura. O concurso tivo unha excelente acollida e participación, e puidéronse coñecer novos pratos para todos os gustos, cun denominador común: a carne de Ternera Gallega como ingrediente estrela. Tres foron as receitas premiadas e moitos os agasallos para os seus autores:

- Premios do público para María Antonia Álvarez Oreni, pola súa creación: “Pulpeta de Ternera Gallega con verduriñas frescas, salsa de amendoas e pan frito”; e para Antonio Núñez de Pazos, pola receita “Tarteira de Ternera Gallega sen fronteiras”.
- O premio do xurado foi para María Dolores Mateo, pola súa receita “Ternera en salsa de ostras”.



TERNERA GALLEGA NA FESTA DO COMERCIO DO MERCADO DE HORTA EN BARCELONA

Como vén sendo tradición, os comerciantes do mercado de Horta, en Barcelona, celebraron o pasado 2 de xuño, a súa agardada festa do comercio. Durante toda a xornada, e en carpas habilitadas para a ocasión, tiveron lugar demostracións de pro-

duto, incluídas degustacións populares, actividades infantís, mostras de danza, diversos sorteos, descontos por compras, obradoiros de actividades e demais accións destinadas todas elas á promoción da actividade comercial do Mercado de Horta.

Os carniceros inscritos na IXP Ternera Gallega tamén participaron nesta festa, onde se asou unha espectacular canal enteira, que puideron degustar todos os asistentes. En total, repartíronse 4.500 racións de carne amparada por Ternera Gallega.



TERNERA GALLEGA, SABOR A VIDA

A Indicación Xeográfica Protexida continúa inmersa en proxectos solidarios e a súa vez relacionados coa nova cociña galega. Exemplo disto é a colaboración co libro de receitas **Sa-**

bor a Vida, unha iniciativa promovida polo cociñeiro galego Kike Piñeiro, Premio Nacional de Gastronomía, que viu a luz ao amparo dunha honrosa causa solidaria: a loita contra o cancro. Non en van, o diñeiro recadado coa venda do libro destínase integralmente á Asociación Española contra o Cancro.

Tres receitas da IXP (*Chuletiña de Ternera Gallega cocida con porro queimado*, *Rabo de Ternera Gallega con verduras e pataca*, e *Xarrete de Ternera Gallega con fabas e castañas*) forman xa parte indispensable deste receptorio solidario que, trala boa resposta do público, camiña pola súa segunda edición.

A presentación do volume tivo lugar o pasado 23 de abril no compostelano Hostal dos Reis Católicos e contou co respaldo de todos cantos colaboraron neste proxecto de vida. Desde os 12 cociñeiros que aportaron o seu gran de area coa elaboración de diferentes receitas, os sumilleres e un fotógrafo gastronómico, ata o director do Parador e a presidenta da Asociación Española contra o Cancro.

Tampouco quixeron faltar á cita o equipo de Manjoiteira, encargado do deseño, maquetación, edición e tradución do libro; nin os 18 patrocinadores do proxecto, entre eles a IXP Ternera Gallega.



LÁNCARA E PARADELA DEGUSTAN TERNERA GALLEGA

A Indicación Xeográfica Protexida participou na decimocuarta edición da Feira Degustación de Tenreira Galega que se celebrou o pasado 1 de maio na Pobra de San Xiao, no concello lugueño de Láncaara.

A degustación, na que colaborou Ternera Gallega, consistiu en carne de tenreira preparada ao caldeiro e á

grella, chegándose a consumir máis de 1.500 quilos de produto certificado pola Denominación. A celebración tamén contou cun concurso de gando vacún de raza Rubia Galega e cabalar no que se premiaron as mellores reses, cunha exhibición de maquinaria agrícola clásica e mostra de produtos artesanais, co sorteo entre os asistentes dunha xovenca e un potro.

A Festa contou coa presenza da conselleira do Medio Rural e do Mar, Rosa Quintana e da delegada provincial, Raquel Arias, quen exerceu ademais de pregoeira nesta ocasión.

Ademais de nesta celebración a IXP estivo presente na XXIII Feira do ano e festa de San Isidro celebrada, o pasado 15 de maio, na localidade luguesa de Paradelo.

PLANIFICACIÓN DE PARTOS, POSIBLE E NECESARIA

A finais do ano 2010 iniciáronse as xornadas técnicas itinerantes sobre a planificación da produción na Indicación Xeográfica Protexida Ternera Gallega. No ano 2011 intensificáronse estas xornadas percorrendo aquelas zonas con maior número de inscritos, fundamentalmente nas provincias de Lugo e Ourense. En concreto, realizáronse 18 xornadas, ás que acudiron ao redor de 1.000 gandeiros/as.

De máximo interese

O Consello Regulador da IXP considera de máximo interese estas accións formativas e informativas dirixidas aos gandeiros incritos, xa que se trata de aumentar a rendibilidade das explotacións e adecuar a súa produción ás esixencias do mercado.

Se queremos ser máis competitivos, e sobre todo tendo en conta a coxuntura de crise económica na que vivimos, teremos que perseverar en temas relacionados coa programación dos partos, que van ter consecuencias a varios niveis: en primeiro lugar, trátase de dispoñer de carne suficiente para poder ter abastecidos os mercados de xeito continuado, tanto os que xa funcionan na actualidade como os que se poidan abrir no futuro a curto e medio prazo. En segundo lugar, desde Ternera Gallega seguimos crendo firmemente que unha boa planificación aumenta os rendementos económicos da explotación, non só polos prezos, que son mellores e se manteñen máis estables no tempo, senón porque haberá un maior aforro de custos



de produción, sobre todo os relacionados coa alimentación dos animais que, como ben sabemos, cada vez condicionan máis a rendibilidade das explotacións gandeiras.

Próximas Xornadas

Por todo isto, este ano seguiremos avanzando e continuaremos impartindo estas xornadas técnicas itinerantes nos meses de outono, xa que hai un elevado número de gandeiros que non dispoñen aínda de toda a información técnica necesaria, para levar a cabo a planificación produtiva do rabaño que recomendamos desde a IXP.

Froito das primeiras charlas, varias ganderías xa puxeron en marcha pro-

gramas para cambiar as tendencias do excesivo acúmulo de nacementos na parideira de primavera, e neste número da revista contamos dúas experiencias de cómo é posible regularizar a produción.

A IXP quere dar as grazas aos concellos nos que se celebraron as xornadas de anos pasados, e tamén aos patrocinadores das mesmas: a Deputación de Lugo, Caixa Rural Galega, Agroseguro, Pfizer Salud Animal, e moi especialmente a ACRUGA porque está colaborando de xeito permanente nestas xornadas.

Informarémolosvos axeitadamente das datas e lugares onde se celebrarán as vindeiras xornadas no ano 2012.



“Comercializar baixo a IXP é unha garantía porque asegura unha demanda estable e prezos superiores na carne de abasto”

A explotación de María Montserrat Esperanza Gudín, emprazada na localidade Coruñesa de Sanguineira, no municipio de San Sadurniño, é unha das pioneiras en implantar a iniciativa posta en marcha por Ternera Gallega a finais de 2010 para planificar e regularizar a produción de vacún de carne. Dous anos despois de activar esta práctica conseguiron que preto da metade dos partos teñan lugar en outono, fuxindo así das parideiras de primavera.

Como valora a iniciativa da IXP Ternera Gallega de planificar e regularizar a produción de vacún de carne?

A título persoal paréceme unha boa iniciativa dado que a planificación dos partos permite adaptar os picos de produción ás necesidades reais do mercado, asegurando así que haxa oferta cando se precisa.

Como executan esta práctica no traballo diario?

Nos temos un servizo de reprodución con Seragro que nos permite programar os celos e confirmar as xes-

tacións para intentar asegurar que os partos teñan lugar en outono. No caso das vacas que non quedaron preñadas, procédese a inducirles o celo para evitar así que se desacoplen do ciclo produtivo previsto.

Desde cando a veñen utilizando na súa explotación?

Hai xa dous anos que decidimos instaurar esta práctica na nosa explotación. Comezamos primeiro coas xovencas porque son as máis sinxelas de adaptar, para seguir logo coas vacas en plena produción.



¿Están observando xa os primeiros resultados?

Nestes intres estamos logrando ao redor do 50% dos partos cando están programados. Nun primeiro momento rondaban en torno ao 20%, pero pouco a pouco fomos metendo máis reses no programa de planificación de partos ata chegar ao 50% actual.

Cales son as principais diferenzas con respecto ás anteriores prácticas de manexo?

Antes a tendencia natural da reprodución era espontánea, polo que non se axustaba ás necesidades do mercado da carne. Cando unha vaca estaba en celo cubríase ben por monta natural ou por inseminación artificial, sen ter en conta o momento, mentres que hoxe en día prográmase todo o ciclo reprodutivo para lograr que os partos teñan lugar no outono. Unha



práctica que nos permite fuxir así dos partos de primavera, dado que estes becerros toca sacrificarlos nos meses de xaneiro, febreiro, marzo e abril, cadrando xustamente cos meses de menor demanda por parte do consumidor, e polo tanto de menor prezo de venda.

Ve outras vantaxes aparte das comerciais, produtivas ou de manexo?

Si, a principal é que cos partos de outono hai un mellor aproveitamento tanto dos pastos como das forraxes da explotación. Desde o meu punto de vista, en Galicia a parideira de outono é moito mellor que a de primavera.



Que amparo e garantías ofrece Ternera Gallega para a comercialización?

Comercializar baixo a IXP é unha garantía porque, aos que temos que apostar pola calidade e non tanto

pola cantidade, asegúranos unha demanda estable e uns prezos superiores ao resto da carne de abasto, sobre todo cando orientamos a nosa produción para os meses de xullo, agosto e setembro.

Alberto Vázquez Pérez
Gandaría en Mamoelas, Palas de Rei (Lugo)

“Despois de ano e medio xa teño unha maior porcentaxe de vacas que paren no outono”

No ano 2010 a explotación de Alberto Vázquez Pérez tiña un maior número de nacementos na primavera, concentrando practicamente máis do 65% dos partos nun período de catro meses, de marzo a xuño.


Isto facía que a venda da gran maioría dos xatos se prolongase de finais de xaneiro ata maio do ano seguinte, período no que acada un menor prezo, sen esquecer as dificultades de saída ao mercado, provocando que os tenreiros se pasasen de quilos, xa que neses meses o consumo é moderado.

A esta situación de mercado, tamén se lle engadía o problema de que, ao ser unha explotación en semiestensivo, os xatos están coas nais ata os seis-sete meses no pasto, para pos-

teriormente ser acortellados mentres se seguen amamantando dous ou tres meses máis ata a súa saída ao matadoiro. Isto provocaba que os becerros que nacían na primavera, que é cando o pasto é máis abundoso e de maior calidade, non o aproveitaran, orixinando ademais un exceso de leite nas vacas cos conseguintes problemas de diarreas alimentarias que isto provoca.

Polo tanto, Alberto decidiu manexar o rabaño doutro xeito. Soamente tivo o touro coas vacas de decembro a maio, e só recría as xovencas que van cumprir a idade de 18-19 meses a partir de decembro, cubríndoas a continuación para que pairan nos meses de outono a seguir.

Con todo elo no ano 2011 xa trasladou, entre xovencas e vacas, unhas dez femias a partos de outono, de setembro a decembro. No ano 2012, nos meses de primavera só pariron 6 vacas, non tendo ningún nacemento máis ata setembro. O resto do rabaño pariu xa no outono. Así vai conseguir que o 80% das vendas de tenreiros da súa explotación teñan lugar a partir do mes de xuño seguinte, nas mellores épocas en canto a demanda e prezos.



A IXP Ternera Gallega ofrécelle a todos os lectores a posibilidade de participar neste concurso, que ten as seguintes bases:

■ A IXP Ternera Gallega sorteará material propio como regalo para cada concurso: receitas, barallas, chaveiros, mandís e manoplas serigrafiadas.

■ Farase un sorteo trimestral para cada número da revista.

■ O número máximo de premios será de 40 para cada concurso.

■ Non poderán resultar premiados os traballadores da IXP Ternera Gallega, nin os membros do Consello Regulador, nin tampouco os seus familiares directos.

■ Os sorteos faranse entre os lectores que respondan ben ás tres preguntas que se formularán en relación co contido da revista na que van incluídas.

■ Os premios comunicaranse directamente aos agraciados.



Concurso Nº 37

1. Concluído o proceso electoral, ¿cantos membros conforman o pleno do Consello Regulador da IXP?
2. Tal e como se recolle no Informe, ¿por que se caracteriza a raza Rubia Galega?
3. ¿Cómo se chaman os gandeiros entrevistados nesta revista que xa están facendo programación de partos en Ternera Gallega?

As respostas poden remitirse por correo, durante os 30 días seguintes á publicación da revista, á seguinte dirección:

Referencia Concurso TG
Consello Regulador da IXP Ternera Gallega
Recinto feiral, Amio, s/n. Apdo. de correos 2.014
15891 Santiago de Compostela

Ou por correo electrónico á seguinte dirección:
consejo@terneragallega.com

***Non esqueza incluír o seu nome completo, enderezo e teléfono de contacto.**

A páxina de Xovenco

Monta o quebracabezas



Xovenco quere facer desta páxina o cortello máis animado de toda a revista. Agradecemos a todos os xovencos e xovencas que participaron enviándonos os seus debuxos, fotos, contos, adiviñas, chistes... e animámosvos a seguir participando con todo aquilo que se vos ocorra. Agárdavos un montón de agasallos. A dirección é:

Ponlle Cor ao verán



1. Pega o debuxo nunha cartolina.
2. Recorta polas liñas de puntos.
3. Busca as pezas para recompoñer a imaxe.

Referencia: **Xovenco**

Consello Regulador da IXP Ternera Gallega
Recinto Feiral, Amio, s/n. Apdo. de correos 2.014
15891 Santiago de Compostela

SEAT LEÓN COPA

AHORA, MUCHO MÁS LEÓN
POR MUCHO MENOS. Y TAMBIÉN POR **12.400€**
109€/MES
/TAE 8,79% / En 84 meses / Entrada 5.294€

- RADIO CD-MP3
- CLIMATIZADOR
- BLUETOOTH®
- USB + AUX-IN
- 6 AIRBAGS
- ESC + ABS + XDS
- VOLANTE MULTIFUNCIÓN
- CONTROL DE VELOCIDAD CRUCERO
- ASISTENTE DE ARRANQUE EN PENDIENTE
- FAROS ANTINEBLA CON FUNCIÓN CORNERING
- LLANTAS DE ALEACIÓN 16"
- Y MUCHO MÁS



ENJOYNEERING

El Nuevo Plan SEAT Ahorro te ofrece los mejores precios y la mejor financiación para que te lleves tu SEAT León COPA superequipado **por 12.400€ y también por 109€/mes.**

/TAE 8,79% / EN 84 MESES / ENTRADA 5.294€

PLAN SEAT | AHORRO

MEJORES PRECIOS // MEJOR FINANCIACIÓN

YouTube [.COM/TUSEAT](http://www.youtube.com/tuseat)

f [.COM/SEAT](http://www.facebook.com/seat)

Twitter [.COM/TUSEAT](http://www.twitter.com/tuseat)

SEAT.ES

Consumo medio combinado de 3,8 a 8,1 l/100 km. Emisiones de CO₂ de 99 a 190 g/km.

PVP recomendado para Península y Baleares para SEAT León 1.2 TSI 77 kW (105 cv) COPA Reference: 12.400 € (incluye IVA, impuesto de matriculación, transporte y descuento promocional) para clientes particulares y autónomos que financien a través de Volkswagen Finance SA EFC (según condiciones contractuales) un capital mínimo de 7.106 €, con una duración y permanencia mínima de la financiación de 36 meses. TIN 7,5 %. Comisión de apertura al contado: 3,00 % (213,18 €). Coste total a plazos: 14.662,66 €. Oferta válida hasta el 31/07/2012 e incompatible con otras ofertas financieras. Imagen acabado León COPA Style.

COMPOSTELA MOTOR

C. Milladoiro - Santiago de Compostela - Telf. 981 531 243

comercial@compostelamotor.seat.es

Abierto sábado todo el día - www.compostelamotor.net

EXQUISITA

TERNERA GALLEGA SUPREMA CARNE DE RUBIA GALLEGA

